

**O Cooperativismo no mar:
Evolución Histórica.
Situación Actual e Potencialidades**

Análise do Sector Pesqueiro en Galicia

1 Índice

1	ÍNDICE.....	3
2	INTRODUCCIÓN	4
2.1	INTRODUCCIÓN AO SECTOR PESQUEIRO.....	4
2.2	MACROMAGNITUDES DO SECTOR PESQUEIRO.....	8
3	SUBSECTORES DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO.....	13
3.1	A PESCA DE ALTURA.....	16
3.2	A PESCA DE BAIXURA.....	20
3.3	O MARISQUEO A FLOTE.....	23
3.4	O MARISQUEO A PÉ.....	25
3.5	O MARISQUEO DE RECURSOS ESPECÍFICOS.....	26
3.6	A ACUICULTURA.....	27
4	COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS PESQUEIROS.....	34
4.1	CANLES DE COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS PESQUEIROS.....	35
4.2	COMERCIALIZACIÓN POR ESPECIES E PRODUCTOS.....	41
5	SERVIZOS AOS ARMADORES.....	52
6	REPARACIÓNS NAVAIS.....	54
6.1	INTRODUCCIÓN AO SECTOR NAVAL.....	54
6.2	INDUSTRIA AUXILIAR DO SECTOR NAVAL.....	56
7	SECTOR DE ARTES E APARELLOS.....	59
8	CONCLUSIÓNS.....	65
9	BIBLIOGRAFÍA.....	66

2 Introducción

2.1 Introducción ao Sector Pesqueiro

De maneira previa a análise sectorial sobre a pesca en Galicia que a continuación imos desenvolver, estimamos oportuno facer unha pequena viaxe ao noso pasado con dous claros obxectivos:

- Identificar as claves da nosa evolución pesqueira.
- Determinar a influencia do noso pasado na previsible evolución futura do sector.

É conveniente sinalar que a partir do 1750 prodúcese un feito que vai ter unha importante repercusión no desenvolvemento da actividade pesqueira e que podemos concretar na incorporación de comerciantes cataláns que se estableceran de maneira definitiva a partires do 1810, incorporando unha serie de novidades non só no ámbito da extracción de peixe senón tamén na salgadura, e que moi ben poden ser consideradas como formulas de produción precursoras do capitalismo actual.

Os tradicionais cercos serán destituídos por artes moito mais predicativas coma as xábegas ou boliches o que leva a un enfrontamento directo entre o estamento gremial e os inmigrantes cataláns. Evidentemente, o tipo de arte empregada para a captura do peixe vai ter un forte impacto no proceso de comercialización, sobre todo en especies coma a sardiña, nos que os pescadores galegos verán minorados os seus prezos precisamente pola repercusión que terá a incorporación ao mercado destes novos competidores.

Tamén serán os cataláns os que se encargarán de incorporar os palangres e palangriños, en substitución dos tradicionais corricáns e liñas, empregados para a captura de especies coma o congro, a pescada ou o ollomol.

Por outra banda hai que mencionar a lo menos a transcendencia que vai supoñer a introducción do novo método de prensado de grandes cantidades de peixe no proceso de salgado.

Para incrementar os beneficios obtidos polas explotacións promovidas polos cataláns, incorporarán ao proceso de comercialización a venta de subproductos coma a graxa da sardiña.

As estruturas comerciais irán medrando ata chegar a controlar dende a extracción do peixe ata o mercado da compra e veda de artes, aparello e mesmo embarcacións de todo tipo empregadas para a pesca.

Entre os anos 1830 e 1880 asistimos a un estancamento das técnicas de pesca e ao conseguente asentamento do predominio catalán. A Revolución Liberal tratará de impoñer un novo modelo económico sobre o vixente Antigo Réxime que en Galicia pervive con moita forza. Neste senso, vaise disolver a partires de 1830 os gremios dos mareantes así coma o décimo do mar, que consiste nunha medida fiscal propia da Igrexa e que terá vixencia ata 1828.

Outras reformas que van a alterar traxectoria do sector van ser o desestanco definitivo do sal en 1869 e a supresión da matrícula do mar en 1873.

Pese a todos estes cambios legislativos as ordenanzas aprobadas a partires do Antigo Réxime seguirán mantendo a súa vixencia no decurso do século XIX. Tales normas non só van establecer os aparellos ou artes de pesca senón tamén as épocas por especie exercendo o seu control os funcionarios do Ministerio da Mariña.

O estancamento da situación sectorial pódese explicar a través dunha serie de factores que limitan a súa evolución tanto dende o punto de vista técnico coma da propia produción en base ao emprego do sal, que nun primeiro intre xera unha dependencia ligada aos movementos tanto políticos coma fiscais. Con posterioridade, a consolidación e predominio catalán dos mercados vai constreñir tanto ao sector que impedirá a saída a novas áreas de comercialización da produción ao non deixar xogar coa oferta.

No primeiro tercio do século XX imos experimentar unha etapa de prosperidade impropia do sector ata esas datas. Este avance derivará do nacemento do puxante sector da conserva e da demanda crecente do pescado fresco baseado no ollomol e pescada. De forma previa é preciso destacar dous feitos que van transcender de maneira crucial no desenvolvemento do propio sector e que son:

- A comunicación entre Galicia e o resto da península a través da apertura de novas liñas de ferrocarril, permitindo así a chegada do peixe fresco en óptimas condicións aos mercados.
- O desenvolvemento da industria conservera galega que coincide coa desaparición da sardiña das costas da Bretaña que era ata ese momento o primeiro produtor de conservas a nivel mundial.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

A industria conserveira basease no enlatado da sardiña e a súa expansión será consecuencia de:

- A crecente demanda desa especie de peixe por parte dos propios conserveiros que aseguran a saída para a produción obtida.
- A participación directa na adquisición de artes para os mariñeiros que carecen delas e incluso facilitándolle os recursos que non obteñen por si mesmos.

A Primeira Guerra Mundial vai xerar unha serie de dificultades que van verse reflexadas nos mercados en forma de alza de prezos ao atopar problemas na importación de estaño e folla de lata. O sector medra e consecuentemente posibilita a renovación das embarcacións empregadas. Este feito vai posibilitar un avance considerable da construción naval sobre todo na cidade de Vigo. Ademais, os armadores galegos adquirirán buques de guerra ingleses empregados na contenda para dedicalos a pesca.

A depresión mundial dos anos trinta provoca unha serie de problemas sobre todo na industria conserveira que verá os seus mercados limitados polas travas a importación na maioría dos países.

A partires da Guerra Civil comeza unha etapa caracterizada pola autarquía económica que vai derivar nun illamento exterior do estado español no ámbito económico e político ata practicamente finais dos anos cincuenta.

Este período caracterízase pola consolidación galega na pesca de altura nos bancos do Gran Sol e outros caladoiros, ademais da axuda que representará o lanzamento do Crédito Institucional, que pretende apoiar a construción naval que se atopa cun importante déficit de pedidos.

Nembargantes o Crédito Institucional vai dirixir os seus esforzos a crear buques cunha maior capacidade mentres que no resto dos países competidores tornarase a estratexia sectorial na procura da creación de embarcacións cun desenvolvemento tecnolóxico maior (conxelación a bordo, barcos factoría, etc).

Actualmente a frota pesqueira con base en Galicia está formada por 5.300 embarcacións de pesca e 1.020 de acuicultura o que representa o 40% dos buques españois estatais.

No eido económico, lembrar que no ano 2004 a cifra de negocio do sector superou os 1.000 millóns de euros e deu emprego a máis de 25.700 traballadores.

2.2 Macromagnitudes do Sector Pesqueiro

Hai no mundo máis de quince millóns de pescadores. As súas condicións de vida e traballo teñen normalmente moitas dificultades, xa que carecen a miúdo das prestacións sociais das que gozan os traballadores na terra, impedíndolles en moitos casos gozar dunha vida familiar normal.

Aínda que nos últimos anos foron moitos os esforzos por mellorar as súas condicións, tanto no plano nacional como no internacional, a pesca é a día de hoxe unha das ocupacións máis duras.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

A industria pesqueira caracterízase pola ampla gama de actividades que a compoñen e pola gran variedade de axentes (grandes empresas multinacionais e pequenas embarcacións individuais) que realizan diversas actividades e servizos, que van dende a provisión de infraestrutura, ata a atención ao pasaxeiro, pasando pola manipulación de mercancía, tarefas administrativas, etc.

O sistema portuario español xera nos propios portos e nos seus servizos algo máis de 30.000 empregos, o que fai que en España vivan directamente do mar unhas 300.000 persoas, e unhas 400.000 máis a través de empregos indirectos.

A pesca constitúe en Galicia un elo esencial do tecido social, económico e financeiro. O sector pesqueiro galego é o máis importante de Europa. Cun volume de negocio que supera os 2.404 millóns de euros, que veñen representando o 10% do PIB de Galicia, a pesca é, con diferenza, a primeira actividade do sector primario, e a segunda na clasificación xeral, despois do sector da automoción e compoñentes. Os portos actúan como imáns para o comercio e a industria e, polo tanto, como xeradores de emprego.

Poderíamos dicir, polo tanto, que a pesca é a día de hoxe un dos primeiros xeradores de emprego, do que dependen non só os pescadores, acuicultores e mariscadores que faenan habitualmente, senón tamén outras actividades como as industrias conserveiras, os estaleiros ou o comercio, xa que facendo unha estimación, poderíamos afirmar que cada emprego creado no mar, xera aproximadamente catro empregos máis na terra, ampliando a taxa de ocupación dun modo altamente significativo.

Dende o punto de vista dos postos de traballo que xera, a importancia da pesca é incuestionable, xa que o 12,2 % dos empregos de Galicia dependen, directa ou indirectamente da actividade pesqueira. Son en total uns 120.000 empregos os que converten a nosa Comunidade na máis dependente do sector pesqueiro dentro de Europa.

Pola súa propia natureza, a pesca é una actividade que non pode distribuírse por igual en toda Galicia, senón que se limita á franxa costeira, sendo especialmente importante nas localidades de Fisterra, Ribeira, Cariño, Malpica, Cangas, Camariñas e A Guarda; todas elas cunhas porcentaxes de poboación ocupada na pesca fronte á poboación activa que oscilan dende case o 50% de Fisterra a máis do 25% de A Guarda.

A tendencia máis destacada no ámbito pesqueiro é o sucesivo incremento do emprego nos sectores da transformación, acuicultura e comercialización, fronte ao declive do sector extractivo, no que diminúe a man de obra.

Os principais armadores galegos decidiron iniciar a venda directa ao consumidor, xa que consideran que as grandes cadeas de distribución impoñenlles duras condicións de prezos, aprazamento de pagos e fabricación de marcas brancas. Ante as concentracións de grandes superficies, pretenden facer tendas de conxelados con amplas variedades, cómodas para o comprador e con prezos competitivos.

Outra das claves futuras para lograr a máxima competitividade, consiste no reagrupamento das empresas en torno a unha estrutura máis forte, que permita competir dentro dos mercados coas ofertas realizadas por industrias estranxeiras.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

No ano 2006 modifícase o decreto que regula a primeira venda de pescado fresco, deixando de ser obrigatorio efectuar unha poxa.

De momento, mantense o sistema tradicional, pero pouco a pouco haberá que facer cambios, e dentro da produción haberá unha parte coa que se negocie directamente; mentres que outra seguirá coa poxa, pero aplicando as novas tecnoloxías e automatizando os procesos de traballo; e algunhas especies de menor valor comercial necesitarán transformarse e valorizarse para acadar un maior rendemento.

Por outro lado, a trazabilidade é obrigatoria dende o ano 2005, realizándose a través de rexistros que permitan identificar ao produto en cada momento da cadea productiva (especie, orixe, barco e comprador) para poder, en caso dunha posible alerta alimentaria, actuar con celeridade.

Ao mesmo tempo, tamén é obrigatorio garantir a normativa de etiquetado, e realizar os controles necesarios que supoñen unha maneira de identificarse no mercado. A información contida no etiquetado de orixe debe manterse durante toda a cadea de comercialización, xerando así confianza entre os consumidores e usuarios.

Entre os problemas actuais do sector en Galicia, poderíamos citar os seguintes:

- Crises motivadas polo elevado prezo do gasóleo.
- Restriccións cada vez máis grandes nas cotas dos caladoiros.
- Competencia das importacións.
- Redución de prezos nalgunhas especies.

- Inseguridade xurídica e normativa.
- Falta de relevo xeracional, xa que os mozos en idade de traballar, con mellor formación e maior cultura que os seus proxenitores, non están dispostos a renunciar ás vantaxes que lles ofrece a vida na terra, supoñendo unha grave dificultade para o desenvolvemento do sector.

As dificultades coas que se atopan os armadores a hora de contratar mariñeiros para completar tripulacións van en aumento, e hoxe constitúen un serio problema económico para as empresas pesqueiras.

A precariedade laboral e as condicións de vida a bordo, son as principais razóns que provocan este desabastecemento do mercado laboral no sector.

De non solucionarse esta carencia, as perspectivas de futuro indican que o número de barcos amarrados a porto por falta de tripulantes irá en aumento, podendo causar grandes problemas económicos entre os armadores, e en consecuencia, na economía galega en xeral.

Últimamente o encarecemento do prezo do gasoleo, derivado das constantes subidas do prezo do petróleo súmase aos factores xa apuntados e está a poñer en serios apuros a viabilidade da actividade de moitos pequenos armadores.

3 Subsectores do sector pesqueiro galego

Como xa se apuntaba no capítulo anterior o sector pesqueiro galego presenta unha enorme diversidade que dificulta unha aproximación ao mesmo de xeito global, xa que nel conviven actividades industriais levadas a cabo por grandes multinacionais, con pesquerías tradicionais e artesás levadas a cabo en pequenas embarcacións. Esta gran diversidade ten o seu reflexo en cada porto, en cada peirao, nos canais comerciais, nas empresas transformadoras e por suposto na flota pesqueira galega:

■ Flota pesqueira por caladoiros ■								
Datos agregados	Buques		Distribución		Arqueo		Potencia	
	Nº	% Var	%	Var %	GT	% Var	CV	% Var
C. Nacional (Cantábrico-Noroeste)	5.035	-1,62%	94,77%	-0,17%	57.672	-0,27%	231.872	-2,15%
Arrastre	108	-5,26%	2,03%	-0,08%	22.680	-0,44%	48.446	-6,70%
Artes menores	4.618	-1,56%	86,92%	-0,10%	9.451	-2,31%	103.934	-0,97%
Cercos	175	-0,57%	3,29%	0,03%	6.390	1,93%	36.249	-0,36%
Enmallo	35	-5,41%	0,66%	-0,03%	1.690	-10,21%	5.945	-7,33%
Palangre de fondo	30	-6,25%	0,56%	-0,03%	1.705	-1,43%	6.051	-7,29%
Palangre de superficie	69	1,47%	1,30%	0,04%	15.757	1,71%	31.247	1,53%
Pesqueiras comunitarias	145	0,69%	2,73%	0,06%	40.243	1,51%	83.272	-2,46%
Arrastre	77	1,32%	1,45%	0,04%	23.372	2,20%	43.913	-0,07%
Palangre de fondo	68	0,00%	1,28%	0,02%	16.872	0,58%	39.359	-4,99%
Pesqueiras internacionais	133	3,10%	2,50%	0,11%	88.940	1,59%	150.627	1,97%
Arrastre	53	-1,85%	1,00%	-0,00%	56.064	-2,27%	89.960	-2,87%
Cercos	3	0,00%	0,06%	0,00%	8.002	0,00%	13.525	0,00%
Palangre de superficie	77	6,94%	1,45%	0,11%	24.874	12,12%	47.142	13,38%
Flota de pesca	5.313	-1,45%	100,00%	0,00%	186.856	0,99%	465.770	-0,91%

Consell. de pesca. Rexistro Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2006.

Tal e como se pode apreciar no cadro, das 5.313 embarcacións rexistradas, un 86,92% (4.618) pertencen ao subsector de artes menores que sen embargo representan unha moi pequena parte da capacidade de almacenamento (arqueo expresado en GT,s.) se o comparamos coas 133 embarcacións das pesqueiras internacionais.

Do mesmo xeito, esta diversidade trasládase tamén ao ámbito organizativo, xa que no sector conviven practicamente a totalidade das fórmulas organizativas, tanto empresariais como asociativas existentes: Confrarías, cooperativas, asociacións profesionais, sociedades mercantís, organizacións de produtores, comunidades de bens, empresarios individuais, agrupacións de interese económico, etc.

Así pois, froito desta realidade e o obxecto de facilitar o estudio determinouse desagregar o sector pesqueiro en seis subsectores, para presentar a continuación, sen ánimo de sermos exhaustivos unha breve panorámica de cada un deles:

- PESCA DE ALTURA e GRAN ALTURA
- PESCA COSTEIRA, DE BAIXURA E LITORAL
- MARISQUEO A FLOTE
- MARISQUEO A PÉ
- RECURSOS ESPECÍFICOS: Percebe, Navalla, Ourizo
- ACUICULTURA

Para rematar con esta visión desagregada complementábase a realidade de cada un dos subsectores coas actividades de servizos ao sector e comercialización dos produtos pesqueiros.

Unha primeira aproximación á realidade dos distintos subsectores nola amosa o Instituto Galego de Estatística, na súa enquisa da pesca correspondente aos anos 2003 e 2004. Preséntase un volume total da cifra de negocio do sector pesqueiro de 975 e 1.007 millóns de euros respectivamente.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

Deste total, cáseque a metade corresponden a pesca de altura, seguida en importancia pola acuicultura mariña e en terceiro lugar pola pesca costeira. O marisqueo a pé e o marisqueo a flote representan arredor do 3% da cifra de negocio cada un.

SUBSECTOR	2001	2002	2003	2004
Marisqueo a flote	3,87%	4,47%	3,12%	2,83%
Pesca costeira	22,55%	21,94%	15,77%	19,13%
Pesca de altura	48,27%	45,77%	46,58%	43,33%
Marisqueo a Pé	2,75%	3,15%	2,40%	3,03%
Acuicultura mariña	22,55%	24,67%	29,95%	29,13%
Acuicultura continental			2,18%	2,56%

I.G.E. Enquisa da Pesca.

No que respecta ao emprego directo e segundo datos tamén da enquisa da pesca do I.G.E., atopámonos cun total de 25.756 empregos directos, cunha evolución en claro descenso, así segundo datos do I.G.E, no ano 2.001 o emprego no sector acadaba a cifra de 29.651, no ano 2002 eran 29.218 os empregos rexistrados.. O seguinte cadro amosa o número de empregos por tipo de actividades.

Actividade	Nº de Empregos	%
Marisqueo a flote	3.465.-	13,5
Marisqueo a pé	5.057.-	19,6
Pesca Costeira	7.251.-	28,2
Pesca Altura	5.369.-	20,8
Acuicultura	4.614.-	17,9
TOTAL	25.756.-	100

Fonte: IGE. Macromagnitudes da pesca. Ano 2003-2004

Así, en relación coa ocupación, a pesca de altura perde importancia relativa fronte á pesca costeira, que sumada aos empregos xerados polo marisqueo a flote e o marisqueo a pé, representan un 61,3% do emprego total.

3.1 A pesca de Altura

Constitúe, como temos visto a principal fonte de ingresos do sector pesqueiro galego e un 20,8% do emprego directo. Algúns autores fan unha clasificación en pesca de altura e gran altura, en función de se as pesqueiras son internacionais ou comunitarias.

As súas características principais veñen determinadas polas seguintes características que resumimos na seguinte ficha técnica:

Ficha técnica: PESCA DE ALTURA e GRAN ALTURA	
Nº de Barcos	278 (145 e 133 respectivamente)
Cifra de negocio	436.558.000.-€
Empregos	5.369
Nivel Salarial	22.358,4 €
Portos principais	Vigo, A Coruña, Marín, Burela, Celeiro
Especies principais	Bacallau, atún, fletán, platija, langostino, bonito, pescada, rapante, rape

Fontes: IGE. Macromagnitudes da pesca. Ano 2003-2004; Consellería de pesca. Rexistro Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2006.

A pesca de altura e gran altura ven sendo desenvolvida por grandes sociedades mercantís, principalmente sociedades anónimas, que a súa vez se agrupan en asociacións de armadores e tamén en cooperativas (Cooperativa de Armadores do Porto de Vigo, Cooperativa de Armadores San Miguel de Marín, Cooperativa de Armadores Santa Uxía de Ribeira).

A pesca de gran altura é exercida nas augas internacionais dos océanos Atlántico, Índico e Pacífico. Os palangreiros de superficie no Atlántico Norte e Sur, os arrasteiros conxeladores nestas mesmas augas e os pesqueiros de diversas modalidades noutras zonas do Atlántico e nas costas africanas do Pacífico e do Índico son exemplo do espírito emprendedor dos armadores galegos á hora de localizar caladoiros e novas especies. De todos estes buques, ao redor de 140 teñen porto base en Galicia.



Atuneiros conxeladores (5 buques), palangreiros de superficie (83 embarcacións), a frota do fletán negro que está a traballar en augas de NAFO (23 unidades), os bacallaeiros do Mar de Barents (7 barcos) e os grandes conxeladores (19 buques) proban que os pesqueiros galegos continúan a ser os primeiros na empresa de explotar novos recursos.

As compañías galegas posúen investimentos na maioría dos caladoiros internacionais de relevancia. Arxentina, Arxelia, Chile, Namibia, Nova Celandia, Tunicia, Venezuela, Sudáfrica, Camerún, Costa de Marfil, Senegal, Mozambique, Uruguai, Guinea, Angola, Gabón , Congo, Togo, Mauritania ou El Salvador son algúns dos estados nos que os empresarios e armadores teñen investimentos.

Segundo os datos que nos ofrece o estudo desenvolvido polo grupo de investigación de economía pesqueira da Universidade de Santiago “o sector de Pesca de Gran altura está composto por arredor de 30 empresas, se ben todas elas dispoñen de máis dun buque, acadando nalgúns casos potencias de hasta 8.000 CV e arqueos de máis de 3.500 TRB.

A dimensión dos buques que caracterizan este sector é un bo indicador do investimento preciso para poder operar nel, pois o custo dunha destas naves chega fácilmente aos 6 millóns de euros.”



Na actualidade as empresas que desenvolven este tipo de actividades son sociedades mercantís, se ben nalgún momento teñen existido neste ámbito cooperativas moi excepcionalmente. O caso do buque propiedade da cooperativa de traballo asociado “Nosa cantiga” constituída no ano 1.966 e que estivo activa até o ano 2.004 é paradigmático.

Polo que se refire a pesca de altura, a web da consellería de pesca e asuntos marítimos ofrécenos a seguinte información: “Nas augas comunitarias non españolas faenan en torno a 140 pesqueiros con porto base rexistrado en Galicia. Entre estas frotas destaca a do Gran Sol ou da NEAFC. Trátase dunha frota de fresco de grande importancia para Galicia que opera principalmente en augas do Sur e do Oeste de

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

Irlanda (Sub-áreas VI e VII), aínda que tamén se inclúen unidades que pescan nas costas de Francia (sub-aérea VIII - divisións VIIIa e VIIIb). Está formada por embarcacións que faenan ao arrastre (69 pesqueiros) e ao palangre de fondo (53 barcos de máis de 100 TRBS e 11 unidades de menos porte) para capturar pescada, rapante, rape e lagostino.

Os portos máis importantes para estes buques en Galicia son A Coruña, Vigo, Marín, Celeiro e Burela.

Os pesqueiros do caladoiro portugués (4 unidades) desenvolven unha actividade importante, sobre todo nos portos de Vigo e Marín. En augas do país veciño, faenan arrastreiros e cerqueiros en virtude do marco fronteirizo e con reciprocidade nas licenzas de acceso.

Tamén actúan en augas europeas -fóra do Caladoiro Nacional- os barcos de cerco, que todos os anos navegan cara o Golfo de Biscaia ao final da primavera para participar na costeira da anchoa. Nesta actividade participan sobre todo unidades de maior porte e, dependendo da produtividade de cada costeira, mantéñense nesa zona ata o verán.

Algúns destes barcos incorpóranse máis tarde a outra pesca estacional, a costeira do bonito, actividade na que anualmente participa unha importante fracción da frota galega. Así, en 2006 estaban autorizados a participar na costeira 96 boniteiros con porto base en Galicia, sendo unha grande parte deles de Celeiro e Burela. A costeira do bonito prolóngase ata finais do verán e nela alternanse diferentes artes, principalmente o “curricán”. A meirande parte do bonito capturado destínase ao consumo en fresco e unha menor parte á conserva. Burela, A Coruña, Celeiro e Vigo son os principais portos de descarga desta frota, onde tamén descargan boniteiros doutras comunidades, como Euskadi e Cantabria.

3.2 A pesca de baixura

A pesca de baixura, susceptible dalgúñas outras clasificacións, así algúns autores distinguen a pesca costeira e dentro dela a pesca de baixura e a pesca de litoral, significa para Galicia, xunto co marisqueo unha gran importancia social. Como xa avanzabamos representa mais do 60% do emprego directo do sector pesqueiro e cáseque o 95% da frota.

A súa ficha técnica é a seguinte:

Ficha técnica: PESCA COSTEIRA	
Nº de Barcos	5.035
Cifra de negocio	192.679.500.-€
Empregos	7.251
Nivel Salarial	12.125,78 €
Portos principais	Tódolos portos
Especies principais	Máis de 190 especies entre as que destacan o polbo, a centola, a sardiña, xurelo, nécora, percebe, lubina, faneca, choco, ameixa, e un longo etc.



A frota de artes menores ou artesanal -na que se inclúe o marisqueo a flote- é a máis importante en número de embarcacións na baixura. Forman esta frota 4.549 embarcacións de porte moi pequeno que faenan nas augas interiores, sobre todo nas rías, zonas de competencia exclusiva da [Xunta de Galicia](#) . Os seus pescadores explotan especies como o polbo, a faneca, o congro, o choco, a centola ou a ameixa.

Nela faénase cunha enorme diversidade de artes coma trasmallos, miños, rascos, palangrillos, racús, bou de man, bou de vara, diferentes tipos de nasas, etc.

A súa importancia ven determinada ademais de polo volume de emprego e frota, pola elevada rendibilidade e valor engadido da pesca fresca, por supoñer o sustento ou ingresos extras para un importante número de persoas, porque axuda a fixar a poboación nas pequenas localidades costeiras, xera un importante entramado económico ao seu redor (depuradoras, peixerías, efectos navais, turismo, talleres, asteleiros, especialistas en ordenación, xestión e regulación da pesca, etc.), asímesmo empréganse artes ou técnicas de pesca/marisqueo respetuosas co medio mariño.

Por todos estes motivos este subsector é obxectivo prioritario nas actuacións da administración autonómica é así a Consellería de Pesca ten establecido medidas de apoio específico encadradas no Fondo Europeo da Pesca encamiñadas á renovación da súa propia actividade e á dinamización das comunidades costeiras.

Entre outras actuacións preténdese protexer e rexenerar os recursos mariños, mellorar a comercialización dos produtos, optimizar a formación dos traballadores do mar ou potenciar o turismo pesqueiro, entre outras iniciativas.



Polas súas características este subsector, xunto co do marisqueo a pé e a flote e o de recursos específicos é ao noso entender o que presenta mellores perspectivas para o desenvolvemento de novas cooperativas, tanto no ámbito produtivo como de servizos.

Polo que se refire a pesca de litoral, segundo datos da propia Consellería de Pesca está formada por buques de entre 10 e 150 Toneladas de Rexistro Bruto que faenan preto da costa galega, da cantábrica e da portuguesa. O cerco é a segunda frota máis numerosa das de baixura, contando cuns 168 barcos. A súa permanencia no mar non supera as 24 horas e soen pescar lirio, xurelo, cabala, bocareo e, sobre todo, sardiña. Cambados, Redondela, Portosín e Malpica son os principais portos base deste segmento de frota.

A medio camiño entre a frota de baixura e a de altura atópase a frota de arrastre de litoral, que captura pescada, rape, rapante, xurelo e lagostino nas augas do caladoiro do Mar Cantábrico, dende Portugal a Francia, tendo a súa actividade importantes repercusións económicas. Nela faenan, coa modalidade de parella ou en solitario, 100 buques que teñen a súa base nos portos de Burela, Celeiro, A Coruña, Ribeira, Muros, Marín e Vigo. Existen outras frotas menos numerosas pero moi importantes para certos portos. Así, faenan 28 embarcacións de palangre de fondo, 3 con rascos e 34 pesqueiros con volanta. A frota de palangre de superficie, de maior porte, alterna o caladoiro nacional co internacional e actualmente está formada por 62 barcos.

3.3 O marisqueo a flote

O marisqueo está definido legalmente como unha "modalidade específica de pesca, consistente na actividade extractiva dirixida á captura de mariscos". O marisqueo a flote, realizase desde unha embarcación, e é desempeñado principalmente por homes. A arte máis habitual é a do raño, aínda que existen outras como a do endeño, endeño remolcado, rastro, etc.



A súa ficha técnica é a seguinte:

Ficha técnica: Marisqueo a flote	
Nº de Barcos	3.470 (marisqueo desde embarcación: 2.781)
Cifra de negocio	28.492.680.-€
Empregos	3.465
Nivel Salarial	6.414 €
Portos principais	Noia, Ferrol, Illa de Arousa, Carril, Rianxo, Campelo, etc.
Especies principais	Berberecho, ameixa babosa, ameixa rubia, carneiro, vieira, etc.

■ Flota de artes menores con artes de marisqueo ■

Datos agregados	Buques		Distribución		Arqueo		Potencia	
	Nº	% Var	%	Var %	GT	% Var	CV	% Var
Endeño remolcado	35	-12,50%	1,01%	-0,14%	214	-21,73%	2.175	-18,57%
Marisqueo desde embarcación	2.781	-0,82%	80,14%	-0,11%	2.764	-0,07%	42.726	0,71%
Navalla e longueirón	200	10,50%	5,76%	0,58%	199	13,01%	3.454	10,45%
Orella de mar	46	4,55%	1,33%	0,07%	36	6,50%	659	-0,75%
Ourizo	155	-4,91%	4,47%	-0,20%	175	-6,13%	2.824	-7,62%
Percebe	599	0,34%	17,26%	0,18%	1.081	2,79%	14.600	1,02%
Rastro camarón	300	-2,28%	8,65%	-0,14%	321	-1,29%	4.929	-0,99%
Rastro vieira	201	0,00%	5,79%	0,04%	912	-2,67%	9.084	-4,58%
Rastro Volland. Zambu. Ostra	35	9,38%	1,01%	0,09%	51	23,83%	468	22,71%
Artes de marisqueo	3.470	-0,69%	100,00%	0,00%	4.701	-1,44%	64.886	-0,54%

Consellería de Pesca. Rexistro de buques pesqueiros. Ano 2006

No ano 2007, o valor económico dos bivalvos descargados nas lonxas galegas polos mariscadores e mariscadoras da nosa comunidade acadou preto dos 75 millóns de euros, correspondentes ás máis de 10.000 toneladas de produción subhastadas.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

	Quilos	Euros
Ameixa babosa	945.202	14.211.993
Ameixa bicuda	31.155	180.698
Ameixa fina	662.236	16.146.899
Ameixa rubia	714.963	5.348.397
Ameixa xaponesa	1.941.258	14.637.105
Berberecho	4.708.549	17.627.403
Cadelucha	15.801	498.267
Carneiro	63.368	429.831
Cornicha	10.382	78.752
Longueirón	53.771	607.923
Longueirón vello	106	531
Mexilla	172.636	171.353
Navalla	213.782	2.886.164
Ostra	9.770	46.552
Rabioso	39.434	34.318
Reló	66.794	175.167
Vieira	226.287	884.677
Volandeira	407.222	693.884
TOTAL	10.282.715	74.619.912

Fonte: Anuario de Pesca, 2007 (Dirección Xeral de Recursos Mariños. Consellería de Pesca)

3.4 O marisqueo a pé

O marisqueo na súa faceta máis sinxela e artesanal é a que ten como obxecto a captura de moluscos na costa areosa e se fai a pé sen utilizar embarcación, é o que coñecemos como marisqueo a pé. Esta actividade ten unha grande importancia social en Galicia, xa que dela dependen os ingresos de 4.606 persoas, sendo máis de 4.100 mulleres (segundo datos do ano 2007). As especies principais que capturan os mariscadores a pé son: a ameixa fina (*Ruditapes decussatus*), a ameixa babosa (*Venerupis pullastra*), e o berberecho (*Cardium edule*).

Ficha técnica: Marisqueo a flote	
Nº de Barcos	Sen embarcacións
Cifra de negocio	30.491.620.-€
Empregos	4.606
Nivel Salarial	6.309 €
Portos principais	Noia, Ferrol, Illa de Arousa, Carril, Rianxo, Campelo, etc.
Especies principais	Berberecho, ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xapónica, etc.

O sector do marisqueo a pé ten experimentado un importante avance nos últimos dez anos. Aínda que a fórmula organizativa máis habitual é a de agrupación de mariscadores no seo das confrarías de pescadores, comezan a aparecer algunhas cooperativas que teñen demostrado ser unha fórmula válida para consolidar estruturas, diversificar actividades, especialmente cara a primeira transformación e actividades de turismo pesqueiro e configurar proxectos empresariais sen perder a filosofía participativa.

3.5 O marisqueo de recursos específicos

A extracción de recursos específicos constituído polas especies: percebe, ourizo, navalla, peneira e algas, forma parte da actividade do marisqueo, ben a pé, a flote ou mediante técnicas de mergullo, pero conta cunha regulación específica. A estas especies engadimos pola súa novidade na explotación as lapas e os poliquetos (gusanos de mar) que se atopan regulados nos plans de explotación aprobados anualmente.

Os datos de produción relativos ao ano 2006 son os seguintes:

	Quilos	Euros
Longueirón	53.771	607.923
Longueirón vello	106	531
Navalla	213.782	2.886.164
Percebe	439.500	13.571.300
Ourizo	737.808	1.469.808
Poliquetos	218	10.133
Lapas	6.378	15.092
Algas	49.242	28.879
TOTAL	10.282.715	74.619.912

Consellería de Pesca. Anuario de pesca de Galicia 2006

O interese principal destes recursos ademais de polo seu valor en primeira venda, onde destaca claramente o percebe, estriba sobre todo nas labores de transformación, caso do ourizo e das algas para conserva e/ou produto delicatessen. Existen claras posibilidades e iniciativas para o agrupamento de produtores con este obxectivo.

3.6 A acuicultura

Segundo a Organización de Nacións Unidas, responsable da Alimentación e da Agricultura FAO, a acuicultura defínese como “o cultivo de organismos acuáticos, incluíndo peixes, crustáceos, moluscos ou plantas acuáticas”. A acuicultura, tamén denominada piscicultura, agrupa polo tanto o conxunto de actividades relacionadas co cultivo de organismos acuáticos especialmente animais de interese para o home, ben como alimento ou polos produtos deles derivados.

A piscicultura ten máis de 4.000 anos de historia, pero non fai máis de 50 que se converteu nunca actividade económica relevante. En moitas zonas de Asia véñense cultivando dende a antigüidade diferentes tipos de peixes, cunha finalidade ornamental ou coma fonte de alimento.

O éxito da moderna acuicultura basease no control sobre a reprodución das especies, no mellor coñecemento da súa bioloxía, nas innovacións tecnolóxicas e no desenvolvemento de alimentos específicos.

Ademais, segundo a FAO en 2030 máis da metade dos produtos mariños que consumamos procederán da acuicultura, pois considérase que esta é a única saída para manter os produtos do mar dentro da nosa dieta ante o estancamento da pesca tradicional. Asemade é común ao longo destes anos plantexarse sempre o interrogante da acuicultura como substituto da pesca; a resposta indica que é máis un complemento.

A acuicultura, no seu senso máis amplo, defínese pois como o conxunto de actividades encamiñadas ao cultivo de especies acuáticas.

A costa galega goza dunhas condicións idóneas para a acuicultura grazas, entroutros factores, á abundancia de fitoplancton, a temperatura e a salubridade das augas. Dende finais dos anos 70, isto permitiu o desenvolvemento dunha industria acuícola propia, diversificada e en crecemento constante. Galicia ocupa, pois, posicións de liderado no sector dos cultivos mariños. Ademais dunhas excelentes condicións naturais, a comunidade galega conta con tecnoloxías avanzadas, unha probada experiencia empresarial neste tipo de producións e recoñecidos centros de investigación e de formación especializada.

Aínda así, a piscicultura atópase actualmente nun proceso de expansión. Algunhas empresas ubicadas na nosa comunidade son líderes do sector tanto no mercado español como nos mercados internacionais. Na actualidade existe en Galicia unha cooperativa de cultivo de rodaballo ubicada na ría de Vigo, porén os fortes investimentos necesarios e o longo periodo medio de produción dificultan enormemente a aparición de novos proxectos cooperativos

Produción

A consellería de Pesca amósanos os seguintes datos: No ano 2005, o 81,9% da produción acuícola española correspondeu á acuicultura galega, sendo o mexillón e o rodaballo as principais especies de cultivo. No ano 2006 a acuicultura galega acadou unha produción total superior ás 310.000 toneladas, a cifra máis alta acadada nos últimos 5 anos. Esta produción está dominada polo mexillón cultivado en batea, con gran diferenza sobre as demais especies, pois chega a representar o 96% da cantidade total producida e o 63% do volume total de facturación.

	Quilos	Euros
Bivalvos	304.504.497	165.677.571
Ameixa babosa	165.044	2.030.452
Ameixa fina	213.877	5.100.045
Ameixa xaponesa	1.066.340	7.494.907
Berberecho	505.163	1.342.442
Mexillón	298.871.695	136.672.612
Mexillon (parques de cultivo)	18.353	23.253
Ostra plana	3.166.876	11.709.062
Ostra rizada	497.150	804.799
Cefalópodos	10.708	60.364
Polbo	10.708	60.364
Peixes	5.938.824	49.770.641
Abadexo	9.851	26.356
Linguado	30.255	361.539
Ollomol	134.443	1.239.924
Rodaballo	5.764.275	48.142.821
TOTAL	310.454.029	215.508.576

Fonte: Anuario de Pesca, 2006 (Servizo de Produción Pesqueira da Dirección Xeral de Recursos Mariños. Consellería de Pesca)

O mexillón cultivado nas rías é o produto máis importante do sector. Este bivalvo cultívase en bateas segundo un sistema de acuicultura extensiva cun mínimo control por parte do acuicultor, sen aporte de nutrientes nin intervención no proceso de reprodución. O mexillón das bateas galegas abarca o 98% do mexillón producido en España. Berberechos, ostras e ameixas son tamén especies representativas da acuicultura galega cun peso do 97,75%, 94,19% e 72,04% sobre a produción nacional, respectivamente. Ademais, Galicia é a única Comunidade Autónoma en España que cultiva especies como o polbo, o ollomol ou o abadexo. O rodaballo é outro dos produtos estrela desta actividade. O seu cultivo en Galicia supón o 88,66% da produción española.

Instalacións acuícolas

Nas rías galegas están fondeadas 3.515 bateas, a meirande parte delas adicadas ao cultivo do mexillón. Galicia posúe tamén ao redor de 1.190 parques de cultivo de moluscos -fundamentalmente ameixas fina, babosa e xaponesa-, 22 granxas mariñas e 17 criadeiras de peixes planos e moluscos.

Bateas	3.515
Mexillón	3.337
Ostra	107
Policultivos	71
Granxas mariñas	22
Peixes planos	20
Moluscos	2
Criadeiras	17
Peixes planos	7
Moluscos	10
Parques de cultivo	1.190

Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos 2007 (Servizo de Produción Pesqueira da Dirección Xeral de Recursos Mariños)

Habida conta o importante peso económico e social que ten a actividade mitícola en Galicia (8.000 empregos directos, máis de 1.000 embarcacións auxiliares) quixeramos facer algunhas consideracións arredor da mesma, especialmente no relativo ao ámbito organizativo.

A produción do mexillón repártese en tres vías principais de vendas: depuradoras de moluscos, conserveiras e cocedeiros de mexillón. A

dificultade para manter os prezos e a limitada capacidade de negociación cos potenciais clientes, obrigou aos produtores a asociarse para agrupar a produción e conquistar así mellores prezos.

Estrúcturase así o sector arredor da figura das Asociacións de Produtores, se ben naceron tamén algunhas cooperativas do mar, entre as que cumpre destacar AMEGROVE, SOCONGAL ou SOCOMEBU.

A escasa diferenciación do produto e a pequena capacidade de negociación apuntada, conleva distintas crises provocadas polas continuas guerras de prezos que periodicamente íanse repetindo. As solucións ás crises pasaba por novos intentos de agrupación cada vez de maior tamaño. Naceron así OPMAR, OPMEGA, Confederación do Sur, Federación Norte, AGAME, CEMEGA . Finalmente no ano 1.994 constitúese o Consello Regulador do Mexillón de Galicia, cuxo fito principal foi acadar a denominación de orixe para o produto.



A maioría dos integrantes das asociacións de mexilloeiros constitúena os profesionais autónomos ou ben as comunidades de bens. No caso das asociacións de menor tamaño até un 75,8% constitúena os autónomos, mentres que nas de maior dimensión esta porcentaxe

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

diminúe até o 44,5%, se ben se complementan coas comunidades de bens co 46,6% que non deixan de ser agrupacións de autónomos sen personalidade xurídica. Esta configuración presenta non poucos problemas, tanto á hora de asumir novos investimentos, como nas entradas e saídas de socios, e sobre todo á hora da continuidade da actividade, en moitas ocasións levada a cabo por membros da mesma familia. Porén a fórmula cooperativa, do mesmo xeito que outras fórmulas -máis empresariais- como as sociedades anónimas ou limitadas, aparecen en contadas ocasións cando sen dúbida -no caso da cooperativa, na súa dobre verquente (cooperativa do mar ou de explotación dos recursos acuícolas)- presentan características ventaxosas en relación coa problemática apuntada.

A forte competencia imposta polas importacións foráneas, a necesidade de consolidar a posición de liderado, a orientación cara ó mercado, a I+D+i, o aproveitamento eficiente dos recursos materiais e humanos, son retos de futuro para o sector que pasan polo establecemento de fórmulas empresariais que aseguren a continuidade destes procesos e den aos socios garantías xurídicas. Neste senso a cooperativa pode ser unha fórmula moi acaída as características do sector.

Noutra orde de cousas, nos últimos anos, véñense realizando diversos traballos relacionados coa acuicultura e en particular co mexillón; na meirande parte deles estímase un mercado en expansión, aínda que os incrementos na demanda vanse a producir nos mercados tradicionais de moluscos como os de España, Francia, Italia ou o Benelux, e os aumentos da oferta sucederán nas áreas non tradicionais de cultivo o que suporá un incremento das importacións nos principais mercados xa relacionados.

No caso do mexillón, a tendencia é crecente debido ao leve incremento do consumo en fresco e a estabilidade do sector das conservas, pero sobre todo aos importantes aumentos dos produtos refrixerados, conxelados e aos pratos preparados.

4 Comercialización de Produtos Pesqueiros

A diversidade á que faciamos referencia en apartados anteriores trasládase tamén ao ámbito da comercialización de produtos pesqueiros. Así as grandes empresas fortemente capitalizadas que posúen canais comerciais e sistemas lóxicos propios para colocar directamente o seu produto nas grandes superficies e a comercialización empregando as novas tecnoloxías da información e comunicación convive coa máis tradicional subhasta á baixa na lonxa de cada peirao. As diferencias son equiparables as das gamelas e os buques factoría.



4.1 Canles de comercialización de produtos pesqueiros

A cadea de comercialización de produtos pesqueiros representa unha complexidade froito dos fluxos que na mesma interveñen, e que non permiten diferenciar a oferta en orixe da oferta en destino. O acceso a unha oferta global nos últimos anos como consecuencia directa do desenvolvemento loxístico reducindo á mínima expresión as posibles limitacións xeográficas e deseñando o papel da Rede de Mercas na comercialización dos produtos pesqueiros son algúns dos cambios máis significativos.

Por outra banda é conveniente diferenciar as diferentes canles de comercialización dos produtos pesqueiros.

- Ámbito portuario: Os portos son sen lugar a dúbidas os enclaves estratéxicos dentro da cadea de comercialización dos produtos pesqueiros en Galicia. A evolución experimentada polos portos pesqueiros da nosa xeografía céntrase nun incremento substancial do tráfico pesqueiro no que sobresaie o pescado conxelado.

A oferta de orixe que antes se distribuía a través da figura do maiorista ten mudado como consecuencia dunha diversificación que podemos considerar a día de hoxe permanente e que reivindica unha comercialización multicanle. Neste intre os axentes que tanto directa como indirectamente interveñen na oferta pesqueira nos contornos portuarios son:

- No canal detallista especializado:

- 1) Acceso presencial ás lonxas e participación na poxa.
- 2) Comercialización a través de maioristas exportadores dende as propias lonxas aos detallistas instalados nas zonas interiores.

- No canal Horeco formado pola hostelería e restauración:

- 1) Acceso presencial as lonxas e participación na poxa.
- 2) Comercialización por parte dos maioristas exportadores dende as lonxas.

- Distribución organizada a nivel nacional:

- 1) A través de maioristas exportadores.
- 2) Participando na poxa.
- 3) Acordos con armadores

- Empresas maioristas (Rede de Mercas ou alleas a ela):

- 1) Comercialización por parte dos maioristas exportadores ás empresas maioristas.

No ámbito portuario o sector produtivo encadrado na pesca artesanal, ten sufrido especialmente a súa alleamento dos procesos comerciais e a súa escasa ou nula orientación ao mercado. O produto entrégase na lonxa ou no peirao local e a partir de aquí remata o traballo do pescador e a súa capacidade de influir nos prezos finais.

O profesor García Allut amósanos as consecuencias desta situación: *“a fragmentación entre produción e comercialización é total. Por outro lado, a falla de infraestructuras propias xunto a normativa legal de vender na lonxa na que a embarcación ten a base, fai difícil desenvolver estratexias de longo alcance. O valor da produción das embarcacións artesanais está en mans dos intermediarios fundamentalmente. Os pescadores ao descoñecer os prezos que o seu produto poidera adquirir noutra lonxa resúltalles difícil calcular os custos de traslados a longas distancias. Unha incertidume ou descoñecemento do mercado que aproveitan os intermediarios para manter o control sobre as subhastas.”*

Porén é preciso destacar a vontade por parte do sector productivo de atopar novas fórmulas de comercialización que posibiliten a redución dos intermediarios e incrementen os márxes comerciais. Con esta finalidade téñense reproducido unha serie de iniciativas das que é posible salientar as seguintes:

- MERCAPESCA é un portal que se adica á comercialización de produtos pesqueiros a través da asociación de distintas lonxas nacionais. Este portal pretende en tempo real acceder a poxa de pescado tanto fresco como conxelado.
- As cofradías de Muxía, Cangas, Cariño, A Coruña, Cedeira, etc atópanse integradas na lonxa virtual **Lonxanet** que comercializa tanto pescado ou marisco do litoral galego como carne ou pescado e marisco procedente da importación e da acuicultura.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- Os pescadores da lonxa de San Carles de la Rápita (Cataluña) teñen creado un sistema de compra a través de internet no que se comercializa pescado fresco dende a lonxa as empresas maioristas, detallistas especializados e consumidores finais.
- A cofradía de pescadores de Tarragona acadou no ano 2006 un acordo co Grupo Pescanova para a comercialización de 2.000 toneladas anuais de pescado.
- Ámbito aeroportuario: O crecemento experimentado neste ámbito débese ao tráfico de pescado fresco derivado dunha maior importación dende países non comunitarios. Esta circunstancia acompañada do desenvolvemento das empresas maioristas reproducen una segmentación baseada no aceso destas empresas a unha oferta transoceánica. Os principais aeroportos deste tipo de tráfico de entrada son Vitoria e Baraxas; no caso de Vitoria o produto pesqueiro provén de África mentres que no de Baraxas o fai de Sudamérica.

A canle minorista a súa vez atópase dividida en dúas áreas ben diferenciadas, por unha banda os minoristas non organizados que van perdendo presenza en detrimento dos minoristas organizados que a través do formato comercial dos supermercados teñen acadado resultados moi salientables.

Baixo a canle minorista organizada cabe destacar os diferentes ámbitos de actuación rexional ou nacional, polas circunstancias diferenciadoras no capítulo de aprovisionamento por exemplo, os grupos de distribución organizados de carácter nacional teñen acadado modelos de aprovisionamento centralizados o que ten repercutido de xeito negativo na Rede Mercas como fonte de

aprovisionamento. Esta política de centralización dos aprovisionamentos pretende erradicar a figura dos responsables de compra a nivel rexional e consecuentemente homoxenizar o precio final ao consumidor asegurando a través da loxística a cobertura de todo o territorio nacional.


Pola súa banda a canle minorista non organizada caracterízase por ser un sector moi atomizado que nos últimos anos ten perdido forza na distribución, sendo a súa oferta de pescado fresco a máis representativa.

Se ben a maioría dos profesionais desta canle están representados pola figura de empresario/a autónomo/a, maioritariamente mulleres, agrupadas/os en asociacións profesionais, atopámonos tamén aquí con algunhas cooperativas especialmente nas prazas de abastos. Unha vez máis a figura da cooperativa, especialmente a de servizos pode neste ámbito ofrecer vantaxes claras para subministros, aprovisionamentos e servizos en común.

- Comercialización maiorista dos produtos pesqueiros: A Rede Mercas agrupa a 416 empresas, ás que é necesario engadir outras 145 situadas nas Zonas de Actividades Complementarias, tendo presenza en 17 mercados de produtos pesqueiros. A comercialización estimada para o consumo total en España no ano 2005 cifrouse en 538.342 toneladas o que supón un 41% de cota de mercado; e a súa valoración monetaria supón 2.914 millóns de euros.

Outra canle ven configurada polas 2.750 empresas alleas a Rede Mercas que non só comercializa produto pesqueiro senón que tamén adica esforzos á venda de froita, hortalizas e conxelados. A comercialización no ano 2005 acadou as 788.258 toneladas, cunha cota de mercado do 59%.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades



Canle tradicional de comercialización de produtos pesqueiros

	Total	Pesca extractiva	Marisqueo a flote	Pesca costeira	Pesca de altura	Marisqueo a pé	Acuicultura mariña
Galicia	72,49	79,91	100	93,69	72,3	100	52,31
Lonxa	41,85	56,23	97,33	81,78	41,91	98,86	2,32
Outros comerciantes por xunto	22,45	17,37	2,67	10,06	21,64	1,14	36,55
Outras empresas	0,92	0,24	0	0,06	0,33	0	2,62
Comerciantes polo miúdo	7,06	5,79	0	1,79	8	0	10,76
Venda directa	0,21	0,28	0	0	0,42	0	0,06
Resto do España	18,45	12,39	0	5,46	16,34	0	34,52
Resto do mundo	9,06	7,71	0	0,85	11,35	0	13,17

I.G.E. Destino das vendas sector pesqueiro. Galicia 2002-2004

Como se pode observar no cadro, o principal destino das vendas é Galicia. Porén é salientable o feito de que son os sectores máis capitalizados os que menos desembarcan en Galicia e menos o fan na lonxa.

4.2 Comercialización por especies e produtos

A continuación imos reseñar a evolución da distribución e consumo das principais variedades de especies e produtos derivados da pesca:



Moluscos: entendendo como tales tanto os bivalvos coma os cefalópodos. En primeiro lugar é necesario precisar que en base ao Real Decreto 331/1999 establécense unha serie de características destes productos para definir a súa calidade no posto de venda, esta variará en función da cor, textura da carne e olor (no caso dos crustáceos tamén influirá o ollo e as branquias). Nos mariscos, pese a que xa contan cun consumo regular ao longo de todo o ano, o Nadal sigue sendo o período de mais grande demanda. En canto ós moluscos, hai que sinalar que son o segundo grupo de animais máis numeroso despois dos artrópodos ou crustáceos (animais con patas articuladas).

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

Segundo os datos recollidos no ano 2005, o consumo de mariscos(moluscos e crustáceos) ascende a 11,5 kg por persoa e ano. O 30% desta cifra consévese fora do fogar preferentemente en hoteis e restaurantes; ademais, salienta que o crecemento do consumo deste tipo de alimentos nos últimos quince anos medrou un 35%. Nas 17 Unidades Alimentarias que configuran a Rede Mercas comercialízanse anualmente preto de 200.000 toneladas de mariscos, tanto na modalidade de fresco como de conxelado, o que supón unha cota de mercado entre o 40 e o 45% que se traduce nunhas ventas que ascenden a 1.500 millóns de euros.

Os maioristas perciben que a compra de moluscos, cefalópodos ou crustáceos esta ligada aos beneficios que proporciona o seu consumo para a saúde. Dentro do apartado dos frescos os reis son o mexillón e a chirla, basicamente por dúas razóns: a primeira polo seu prezo máis asumible e a segunda polo volume de demanda co que contan. Estes dous bivalvos representan o 50% do total das ventas da Rede Mercas. En canto as tallas e tipoloxías dos mariscos o gusto do consumidor varía en función do ámbito xeográfico e consecuentemente tamén o fai así o prezo.

Comercialización de conservas

Nos últimos informes publicados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación constátanse dous datos que resultan altamente esclarecedores; por un lado o consumidor busca alimentos que aforren tempo e por outra banda demanda cada día con máis insistencia unha mellor calidade. Ao longo do ano 2006 cada habitante deste país gastou 1.355 euros en alimentos para o consumo do fogar; e concretamente 31,5 empregáronse na adquisición de pescado en conserva. Evidentemente, esta partida non resulta moi representativa

dentro do capítulo da alimentación pero, a tendencia experimentada pola poboación é dun incremento da demanda, que se ben no ano 1990 situábase e torno os 2,4 kilos por habitante no ano 2006 cifrabase en 3,9 kilos.

O comportamento da demanda é bastante irregular; e de feito mentres que nos fogares se consumiron 175 millóns de kilos, nos restaurantes e hoteis fixouse un consumo de 29 millóns de kilos e nas institucións uns 3,5 millóns de kilos, o que supón un descenso con respecto ao ano 2005. Tendo en conta estes datos, podemos dicir que o consumo nos fogares representa preto do 85% da demanda mentres que as institucións tan só participan nun 2%, sendo a restauración a que se sitúa no 14% do consumo.

A demanda, tamén vai intimamente ligada á especie de pescado comercializada en conserva; o atún por exemplo, representa o 50% do total demandado situándose de forma destacada fronte a sardiña que se atopa no 7% e o mexillón que o fai no 6%.

Os rasgos diferenciadores que caracterizan ao demandante da conserva son o tamaño da poboación, o número de persoas que compoñen o fogar, o nivel socioeconómico, a presenza de nenos na familia, a situación dentro do mercado laboral e incluso a idade da persoa encargada de levar a cabo as compras.

Principais especies de peixe comercializadas

Dentro dos 17 Mercas que comercializan tanto pescados coma mariscos aglutínanse 600 empresas ligadas a este sector de actividade, das que 435 son maioristas. No decurso do ano 2005 vendéronse a través da Rede Mercas unhas 400.000 toneladas tanto de pescado

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

fresco como conxelado o que supón entre un 40-50% sobre o consumo total destes produtos en España. O valor económico deste pescado comercializado ascendeu a 2.100 millóns de euros, que ven a representar o 60% dos 3.600 millóns de euros que aumentaron o valor das vendas totais tanto dos produtos derivados da pesca coma da acuicultura da Rede Mercas.

As demandas do mercado actual teñen mudado radicalmente e así hoxe en día o valor engadido do produto vai encamiñado a establecer formatos moito mais traballados no que se aprecia o fileteado, eviscerado ou limpeza do pescado. Perdura evidentemente a comercialización enteira do pescado sobre todo en fresco.

Outro aspecto que se esta introducindo dentro do capítulo da calidade e o da trazabilidade e seguridade alimentaria. A poboación entre 35 e 40 anos decide a súa compra en base a preocupación que este colectivo ten pola saúde e a dieta.


O consumo per cápita en España de produtos pesqueiros ascende a 36,7 kilos anuais, dos que 28,4 corresponden aos fogares e o resto a hostalería e restauración. Nos últimos quince anos o crecemento do consumo ten experimentado un alzo do 20%, o 55% pertence a comercialización tanto de peixe fresco coma conxelado mentres que o 45% restante centrase nos cefalópodos, cartáceos e moluscos.

En canto á acuicultura hai que sinalar que aporta xa unha cuarta parte do peixe comercializado, que dentro do ámbito nacional aproxímase a 400.000 toneladas.

As especies mais recoñecidas por este tipo de consumo veñen sendo o mexillón no 65-70% do total, sendo tamén moi apreciados a troita ou salmón, e tendo acadado na actualidade un importante desenvolvemento as douradas, lubinas, rodaballos e ameixas. Os países do entorno asiático cobren o 90% do produto acuícola destacando moi especialmente China. A tendencia europea neste campo centrase na produción de peixes dun elevado valor comercial, e por suposto de moluscos, resaltando Noruega, Inglaterra, Grecia, Turquía e España.


A continuación vamos a tratar de reflectir a distribución das principais especies de peixe que se comercializan:

- **Bonito do Norte:** Pertence a familia dos túnidos é amante das augas quentes, atópase presente no mercado durante todo o ano pese a que a súa venta incrementase substancialmente nos meses de Xuño a Outubro.
- **Bacaladilla:** Segundo un estudo levado a cabo polo FROM recentemente esta especie é consumida no 45% dos fogares de España. En canto a súa procedencia dentro da Rede Merca hai que sinalar que as entradas máis importantes corresponden a Galicia, Asturias, País Vasco, Andalucía, Comunidade Valenciana e Cataluña.



O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades


- **Bacallao:** Esta especie tense consumido indistintamente fresco ou desecado. España é un dos grandes afectados polas restricción das cotas, sendo con Portugal e Italia uns dos importadores máis importantes. Segundo os últimos estudos o consumo desta especie no noso país cifrase en torno ás 17.000 toneladas de bacallao fresco, enteiro ou fileteado.



- **Anchoa:** Trátase dun dos peixes máis importantes a nivel económico do noso país. Segundo un estudo desenvolvido polo FROM no decurso do ano 2005, esta especie consúmese no 73% dos fogares de España. Pese a que a súa captura faise preferentemente nos meses de Abril e Xullo no Mar Cantábrico, as importacións de Francia, Italia e Marrocos permiten un consumo regular durante todo o ano.


Na actualidade, segundo a Rede Mercas, cando escasean as capturas un 50% da anchoa comercializada é importada de países intracomunitarios no que destaca Italia, abastecendo aos portos andaluces en torno o 45% da oferta nacional.

**Procedencia da anchoa comercializada na Rede
 Mercas**




- **Caballa:** E sen lugar a dúbidas unha das especies máis empregada na industria transformadora de conservas. A súa procedencia a nivel nacional nun 95% ven de Andalucía, Galicia e a Cornixa Cantábrica sendo a importación máis importante a recepciónada de Francia.

**Procedencia da caballa comercializada na Rede
 Mercas**



- **Dourada:** A súa procedencia repártese entre a pesca extractiva e a acuicultura. Na actualidade prodúcese en España case 22.500 toneladas, o que supón cerca do 50% da produción total europea.

Procedencia da dourada comercializada na Rede




- Gallo: Dentro da Rede Mercas ten un importante valor a importación desta especie, que se cifra nun 70% da demanda existente e que provén de Francia, Inglaterra, Irlanda e outros países do norte de Europa. A nivel nacional, as principais entradas danse en Galicia e País Vasco.
- Xurelo: No estudo levado a cabo polo FROM no ano 2005, esta especie consumíuse con relativa frecuencia no 42% dos fogares españois. O 25% da oferta é cuberta a través das importacións basicamente francesas, mentres que a nivel nacional destacan as capturas rexistradas polos portos de Andalucía, País Vasco, Galicia e Comunidade Valenciana.
- Linguado: A oferta desta especie (70%) cóbrese a través da importación de países como Francia, Holanda e Dinamarca sendo os portos andaluces os máis importantes a nivel nacional. É conveniente sinalar que comunmente comercialízanse varias especies baixo a denominación de linguado común tales como o linguado do Cabo, o linguado de Nova Zelandia, Halibut ou Fletan.


- Lubina: A produción nacional cubre entre o 10 e o 15% da europea sendo os principais portos os de Valencia, Canarias e Andalucía.
- Pescada ou pescadilla: Sen lugar a dúbidas é unha das especies máis importantes dende o punto de vista da comercialización no noso país. De feito segundo o propio FROM o 94% dos fogares españois merca este pescado de maneira regular. Este feito concrétase nunha demanda que se cobre a través das importacións de países coma Sudáfrica, Namibia ou Nova Zelandia.

A maneira máis habitual de comercializala e fresca. Tanto a do Cabo como a Austral ofrécense en variantes tanto de fresco coma conxelado, con ou sen cabeza.

A nivel nacional os desembarcos máis importantes prodúcense nos portos de Galicia, País Vasco e Andalucía.




Procedencia da pescadilla comercializada na Rede Mercas



- Rape:** Nos mercados atópanse dous tipos de rape que se clasifican en función da cor do seu peritoneo. Soen comercializarse enteiros, en filetes, colas e cabezas, tanto frescos coma conxelados. A metade dos rapes comercializados a través da Rede Mercas ten procedencia española, destacando os portos do litoral cantábrico e galego.

Procedencia do rape comercializado na Rede Mercas



- Sardiña: É un dos peixes máis populares da nosa xeografía, posto que o 75% dos fogares españois declara compralas regularmente. O feito de pasar a ser un dos pescados con maior presenza no ámbito industrial incrementou substancialmente a súa importancia económica.

Segundo a Rede Mercas, o 90% da sardiña comercializada procede dos portos nacionais, dos que destacan Cataluña, Levante, Andalucía e en menor medida Galicia e o resto da cornisa Cantábrica.

Os traballos do FROM teñen permitido profundar no por qué as cadeas de comercialización do pescado en España tornase cada día máis complexas, destacando:

- Menor diferenza entre a oferta en orixe e en destino.
- Traspase da comercialización dos mercados maioristas ata o exterior.
- Baixa adecuación da Rede Mercas ás novas necesidades da grande distribución.
- Especialización segundo produto entre as empresas da Rede Mercas.

Por último dicir que as causas que teñen xerado este novo escenario son moi diversas e van dende a centralización da xestión da grande distribución, ata a falta de empresas de servizos nas Unidades Alimentarias co destino e engadir valor ao produto.

Para os produtores artesanais é sen dúbida a gran asignatura pendente e aínda que como temos visto existen iniciativas de interese nestes ámbitos, queda aínda un longo camiño por percorrer, onde a fórmula cooperativa pode desempeñar un interesante papel.

5 Servizos aos Armadores



No sector da pesca, a riqueza non provén soamente da captura e venda de especies mariñas, senón tamén a través de institucións e empresas de servizos, que traballan diversas áreas complementándose e intentando mellorar día a día baixo as premisas de perseveranza e sacrificio, intentando dar resposta ás demandas e esixencias dun mercado cada vez máis competitivo.

Os servizos requeridos polos armadores son moi variados, destacando entre os máis importantes os seguintes:

- Servizo de caixas.
- Servizo de xeo automatizado.
- Servizo de carnada a embarcacións.

- Servizo de descargas de pesca.
- Servizo de básculas dixitais.
- Servizo de subministro de gasóleo e lubricantes mariños.
- Servizos de reparación e mantemento.
- Servizo de entrepot aos buques.
- Centralización e xestión de compras
- Servizos administrativos, que inclúen diferentes áreas, como poden ser:
 - Recursos humanos.
 - Asistencia laboral e de Seguridade Social.
 - Xestión de axudas públicas.
 - Xestión de permisos de pesca.
 - Información e publicacións.
 - Asesoría económico-fiscal e contabilidade.
 - Asesoría xurídica.
 - Despacho de roles.
 - Estatística, planificación e plans de pesca.
 - Seguros de responsabilidade civil.
 - Tramitación de atraques para buques.

A maioría destes servizos, cando non todos, son ofertados polas asociacións máis importantes e representativas de Galicia no sector da pesca. Estamos a falar de ABSA, Armadores de Burela, S.A., ARVI ,Cooperativa de Armadores do Porto de Vigo, Cooperativa de Armadores de Ribeira, Porto de Celeiro. S.A., . Existen ademais toda unha serie de empresas auxiliares entre as que nos atopamos, sobre todo no ámbito da reparación naval, pero tamén no de artes e aparellos e no de consultoría e formación a cooperativas de traballo asociado.

6 Reparacións Navais



6.1 Introducción ao Sector Naval

Galicia sufriu na década dos oitenta a chamada primeira reconversión do sector naval. Perdeu 7.000 postos de traballo directos e máis de 20.000 indirectos. Despois de vinte anos, Corea do Sur consolidouse coma un dos principais produtores a nivel mundial, coa axuda principalmente de cuantiosos préstamos dos bancos e estados europeos e americanos, que evitaron a quebra do país en máis dunha ocasión. Ademais disto, os principais postos seguen sendo ocupados por Xapón, Alemaña, Francia, Dinamarca, Italia e China.

A estrutura da construción naval en Galicia non cambiou moito nos últimos vinte anos. Na zona norte seguen a estar os grandes estaleiros de titularidade pública de Fene e Ferrol, e na zona sur encóntrase o núcleo máis importante de España en medianos estaleiros dedicados á construción de buques pesqueiros, embarcacións auxiliares e, nunha forma crecente, as embarcacións de recreo.

Acábase de poñer en marcha a chamada segunda reconversión do sector, na que se están a aplicar medidas no sector público. As previsións son de desaparición de máis postos de traballo directo, ao redor de 1.400, e os correspondentes indirectos, segundo a relación estatística de 3 indirectos por cada 1 directo, ademais dos 2.500 que se perderon en Bazán Ferrol nos últimos 6 anos.

Neste panorama preguntámonos cal é o reto ao que se enfronta o sector nos próximos anos. No que se refire aos estaleiros públicos de Ferrol-Fene, o futuro pasa por converter a Ría de Ferrol nun centro europeo de referencia de transformacións e reparacións. Pola súa parte en Vigo, no que se refire aos medianos estaleiros privados, será necesaria unha política de concentración de empresas, así como a posta en marcha de políticas que fomenten a renovación da flota mercante.

No tocante aos pequenos estaleiros, máis de 60 en Galicia, obsérvase que foron xurdindo moitos novos como consecuencia da demanda crecente do segmento de embarcacións de recreo, dende as máis pequenas, de cinco metros de eslora, ata os grandes iates de máis de cincuenta metros. Obsérvase que, debido a que o sector pesqueiro pode atravesar nos próximos anos un descenso nos seus pedidos, como consecuencia da diminución das axudas á construción, algúns

estaleiros dedicados a este tipo de buques estanse a pasar ao segmento dos iates e megaiates. Así, Estaleiros M. Cíes na Ría de Vigo xa fixo tres megaiates (dous de 20 metros e un de 40), Daimon Naval, participada por Corporación Dermoestética e Caixa Galicia, acaba de adquirir as instalacións da Factoría Naval de Marín e Estaleiros de Marín nos que investirá 15 millóns de euros para a construción de iates de luxo.

Así as cousas, obsérvase en Galicia unha tendencia ao incremento considerable da construción de embarcacións de luxo. Estaríase a seguir o exemplo de Holanda, país no que fai 25 anos o Goberno, para evitar a desaparición do sector inmerso nunha grave crise, apoia un plan específico de reconversión, conseguindo ser o líder mundial do segmento de iates e embarcacións de luxo.

Existe na actualidade unha importante industria da construción naval en Galicia, con numerosos estaleiros dedicados a esta actividade. Dos estaleiros existentes podemos atopar algúns que ademais de desenvolver tarefas de construción, dedícanse ás reparacións navais, chegando incluso a atopar os que soamente fan actividade de reparación.

6.2 Industria auxiliar do Sector Naval

Por outra banda, están presentes tamén un gran número de empresas de moi diverso tamaño, que se dedican á reparación a flote, ben nas instalacións dos anteriores estaleiros, ben nos peiraos comerciais.

Por este motivo, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria, promoveu a creación dun Centro de Reparación Naval na Ría de Vigo, que integre tódalas actividades de reparación naval que se poidan acometer, co fin de atender tanto aos buques pesqueiros como aos mercantes que teñan como base ou como escala o Porto de Vigo, e os buques que fagan tráfico por esa zona.

O sector naval xera en Galicia 3.500 postos de traballo directos nos estaleiros, un milleiro deles nas factorías de pequeno e mediano tamaño, e 6.500 empregos indirectos nas industrias auxiliares do sector.

A industria naval española e, en particular, a galega, ven realizando dende 1984 un importante esforzo de axuste, principalmente, en relación cos custos propios, externalizando certas funcións e utilizando, cada vez máis, as industrias auxiliares.

Tanto nestas industrias, que en xeral son pemes, como nas industrias tractoras, estase a incidir na mellora tecnolóxica, na construción de buques máis sofisticados e complexos e na redución da capacidade produtiva para adaptar este sector ás demandas que establece un mercado fortemente internacionalizado e competitivo.

A industria auxiliar experimentou un importante crecemento, converténdose nun eixo fundamental do tecido económico, como subcontratista dunha gran parte da actividade de construción do buque. É neste subsector onde atopamos fórmulas cooperativas de traballo asociado como é o caso de Renavi, Cogalso, Corempe ou Moncar Montajes Navales.

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

Sen embargo, a industria naval é unha das máis castigadas pola competencia dos países do Leste asiático, Corea fundamentalmente. Esta situación obriga á industria europea a rivalizar en termos de valor engadido, investindo no uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación, novos métodos organizativos da produción e a súa xestión, novos métodos e procesos tanto de deseño como de produción.

Con respecto á periodicidade das inspeccións, depende fundamentalmente do tipo de embarcación, así como dos anos que teña a mesma. Para a maioría dos buques mercantes as entradas en dique seco prodúcense cada dous anos e medio. Para outros tipos de buques (buques de pasaxe) dita frecuencia é anual. Ademais, cada cinco anos realízase unha inspección máis estrita que obrigará a unha varada en seco de maior duración. Aínda así, estes períodos de tempo non son exactos xa que existe unha certa liberdade á hora de acudir a dique ou ben pódese solicitar á Sociedade de Clasificación unha ampliación do prazo establecido.

Dependendo da súa natureza da reparación, as tarefas de mantemento e reparación poden ser desenvolvidas no mar, nun lugar acondicionado para reparación a flote situado no porto ou nun medio de posta en seco.

Se o buque é pequeno, existen diversas opcións simples (elevadores, vías ou carros) mentres que para buques de medio ou gran tonelaxe existen os diques secos, os diques flotantes e os Shiplifts¹.

¹ Plataformas elevadoras para extraer os buques fora da auga e transferilos ás zonas de estacionamento, para a súa reparación.

7 Sector de Artes e Aparellos

No sector da fabricación e reparación de redes e aparellos de pesca conviven dúas realidades. Por unha banda a presenza dun sector industrial (fabricación de redes e suministros e efectos navais) de empresas cunha dimensión media-grande, moi tecnificada e máis vencellada ao sector pesqueiro industrial (arrastre e palangre en caladoiros internacionais), cun sector artesanal de pequenas empresas e empresarias/os individuais, pouco tecnificada, intensiva en man de obra e máis vencellada -aínda que non exclusivamente- ao sector pesqueiro artesanal en caladeiros nacionais ou da comunidade autónoma, constituídas maioritariamente por mulleres, aínda que con presenza de homes especialmente no sector de arrastre.

En termos de clasificación nacional de actividades económicas, os epígrafes que as integran son:

5165	Comercio al por mayor de otra maquinaria para la industria, el comercio y la navegación
1752	Fabricación de cuerdas, cordeles, bramantes y redes

En termos de IAE os epígrafes que o integran son 439.1 Cordelería e 617.9 Comercio por xunto interindustrial doutros produtos maquinaria e material.

O I.S.M. ven de aportar datos que estiman o número de profesionais da elaboración e reparación de artes e aparellos en torno as 700, das que unha gran maioría son mulleres. Destas unhas 200-250 atópanse agrupadas en asociacións profesionais que a súa vez se integran na Federación de Redeiras Artesás de Galicia “O PEIRAO”.

A Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa 11 asociacións profesionais de redeiras:

Socias da Federación:

- Asociación profesional de Redeiras Virxe Do Carme (Porto Don Son, Ribeira, Aguiño e Portosín).
- Asociación profesional de Redeiras De Cariño.
- Asociación profesional de Redeiras O Fieital De Malpica.
- Asociación profesional de Redeiras De Lorbé.
- Asociación profesional de Redeiras Mar Da Illa De Malpica.
- Asociación profesional de Redeiras De Cedeira.
- Asociación profesional de Redeiras Maruxía De Cambados.
- Asociación profesional de Redeiras Mar De Laxe.
- Asociación Profesional de Redeiras "O Cerco" (Cangas do Morrazo).
- Asociación profesional de redeiras de Cangas do Morrazo
- Asociación profesional de redeiras do Baixo Miño "Atalaia"

A creación da Federación Galega de Redeiras Artesás “O Peirao” tivo lugar en novembro de 2004, pero ata chegar á súa constitución fóronse dando unha serie de pasos.

Primeiramente, a finais do ano 2002, desde a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos empezaron a establecerse contactos coas redeiras das diferentes localidades costeiras galegas. Todas aquelas que estaban interesadas reuníronse en Santiago en abril de 2003. A raíz deste I Encontro, xurdiu a proposta de crear asociacións de redeiras en cada porto.

Ó longo de todo ese ano, vanse creando nas diferentes localidades costeiras unha serie de asociacións. Cada unha delas ten as súas particularidades, por suposto. A primeira das asociacións que se creou foi a Asociación Profesional de Redeiras de Cedeira, o 24 de abril de 2003.

A resposta do colectivo é tan positiva que solicítase a celebración do II Encontro de Redeiras, que ten lugar en Santiago de Compostela. Era tal o pulo que se levaba que facíase moi necesario e interesante unha nova oportunidade de xuntarse. Nesta xornada, celebrada o 30 de outubro de 2003, analízanse a consecución dos obxectivos formulados no anterior encontro. Todas as profesionais alí reunidas intercambianse experiencias e planifican xuntas a forma de logralos.

Como froito dos continuos contactos, reunións e viaxes conxuntos das diferentes asociacións, nos que se constatou que os intereses eran comúns, comezouse a contemplar a posibilidade de crear unha Federación con todas as asociacións existentes en Galicia. A finais do ano 2004, celébrase xa o III Encontro de Redeiras. Neste punto, xa existen asociacións na práctica totalidade de portos de Galicia onde traballan redeiras. No transcurso deste encontro, todas as asociacións expoñen a súa situación actual e, sobre todo, de qué modo cambiou a súa situación laboral desde que funcionan como asociación: conseguíronse novos locais de traballo, accedeuse á formación específica, obtívose información laboral e fiscal, entre outras.

O obxectivo final deste III Encontro foi a creación da Federación Galega de Redeiras Artesás, que quedou constituída o día 30 de setembro de 2004. A partir de entón comeza unha nova etapa para as redeiras, loitando xuntas por lograr os seu principais obxectivos: dignificar a súa profesión e sacar ás profesionais redeiras da situación de case invisibilidade na que se atopaban até o de agora.

Os obxectivos básicos da Federación contemplados nos seus estatutos son:

- a) Reunir no seu seo a tódalas entidades representativas dos intereses das redeiras artesás de Galicia para que, na defensa dos seus intereses, procuren a colaboración entre as súas socias.
- b) Procura-lo establecemento de relacións coas organizacións que perseguen un fin idéntico ou similar e fomentar e promove-lo asociacionismo entre as redeiras.
- c) Intervir en tódolos problemas que afectan ás redeiras, proponendo ás distintas Administracións cantas medidas se consideren necesarias para a defensa dos intereses das asociadas.
- d) Realizar tarefas encamiñadas á formación e á información do sector.
- e) Actuar como órgano de consulta e colaboración coas Administracións na defensa e promoción do sector.
- f) Buscar novas alternativas de emprego para as redeiras e conservar e divulgar o traballo artesanal das redeiras.
- g) Combate-lo intrusismo profesional.

Os obxectivos fundacionais seguen na actualidade plenamente vixentes, especialmente a loita contra o intrusismo profesional e a dignificación do oficio de redeira, para tratar de conquistar unhas condicións laborais xustas.

Desde a súa constitución a Federación ten desenvolvido distintas actividades, entre as que se poden destacar:

1. Representación diante dos organismos públicos, especialmente administración autónoma galega e inspección de traballo, pero tamén a nivel estatal.

2. Organización de xornadas, encontros e asembleas onde se ten tratado a problemática específica do sector.
3. Participación no proxecto europeo NEXUS-REDE para a mellora profesional a través da formación e o impulso da intercooperación.
4. Organización e participación en actividades formativas.
5. Viaxes, estadias, contactos con outros colectivos de redeiras.
6. Actualmente participan no proxecto ARLINGA en colaboración coa Vicepresidencia da Igualdade.

Porén, ademais do colectivo profesional e legalizado, cuxa máxima expresión é a Federación de Redeiras, existe no sector unha gran presenza de economía mergullada desenvolvida por persoas sen asegurar ou por xubilados que establecen unha forte competencia á baixa en prezos. Asimesmo a presenza de intermediarios comerciais que non aportan melloras ao produto/servizo pero quedan con gran parte do valor engadido, condiciona a actividade.

No devandito proxecto NEXUS-REDE no que ten participado a



Federación desenvolve unha diaganose para o sector da que presentamos o seguinte resume:

<p>DEBILIDADES</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.Existencia de man de obra en condicións non legais 2.Escasa cultura empresarial: escasa orientación ao mercado 3.Existencia de intermediarios 4.Baixo nivel formativo 	<p>AMEAZAS</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.Economía mergullada 2.Non existencia de titulación 3.Descenso da rendibilidade 4.Perda de poboación no sector primario 5.Descenso de capturas 6.Deslocalización de empresas
<p>FORTALEZAS</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.Existencia de entidades asociativas 2.Amplo abano de empresas de suministros-efectos navais 3.Forte compoñente artesanal 	<p>OPORTUNIDADES</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.Recoñecemento social e político do papel da muller 2.Políticas de axuda específicas para a muller 3.Sector Regulamentado o que implica mantemento do sector

As asociacións profesionais de redeiras constitúen un claro xerme de pre-proxectos cooperativos, que poden facer fronte aos retos do sector. A fórmula de cooperativa de servizos a nivel galego ou de cooperativas de traballo asociado a nivel local, constitúese como unha posibilidade real.

8 Conclusións

1. O sector pesqueiro galego e os subsectores e actividades complementarias que del ser derivan representan unha realidade económica, social e cultural de primeira magnitude en Galicia e continuarán a selo no futuro.
2. Constátase unha redución no sector da pesca extractiva e no emprego directo que xera, porén preséntanse novas oportunidades vencelladas á sector da transformación, acuicultura e servizos complementarios entre outros.
3. No sector conviven dúas realidades ben distintas. Unha delas vencellada aos grandes investimentos e sociedades mercantís e a outra a unha actividade artesanal e individual que aínda non atopou os mecanismos organizativos ideais para desenvolver a actividade.
4. Existen cooperativas na práctica totalidade dos subsectores analizados e nalgún deles existen claras e reais expectativas de posta en marcha de novas iniciativas de emprendemento colectivo baixo esta fórmula.

9 Bibliografía

- “A industria naval en Galicia: Pasado, presente e futuro”. Alfonso García Acaso.
- “Comercialización maiorista dos produtos pesqueiros en España”. Revista Distribución e Consumo de marzo-abril 2007
- “Análisis estructural del sector pesquero gallego: retos y perspectivas de futuro en la unión europea”. Grupo de investigación de economía pesqueira e recursos naturais. Universidade de Santiago.
- “La pesca artesanal gallega y el problema de la comercialización: ¿lonxanet.com una alternativa?”. Antonio García Allut
- “Estado da cuestión da construción naval galega: os novos factores de competitividade”. Manuel Guisado Tato, Mercedes Vila Alonso y Carlos Ferro Soto.
- “O sector da construción naval en España: Situación e perspectivas”. José Luis Cerezo
- “O sector naval na ría de Ferrol: Diagnose e estratexia de desenvolvemento” Estudio sector naval CEFEOR, Confederación de empresarios de Ferrol, Eume y Ortegaleja.
- “Plan estratégico del Centro de Reparaciones Navales de Vigo”
- ACLUNAGA: Asociación del Cluster del naval en Galicia
- ASIME: Asociación de industriais metalúrgicos de Galicia
- Asociación Empresarial de Productores de Cultivos Marinos - APROMAR
- Bateiros Mar Mejillón. Fundación Caixa Galicia
- Conferencias ámbito naval das Xuntanzas tecnológicas celebradas en Ferrol en mayo 2007
- Consello Regulador do Mexillón de Galicia
- Cooperativa de Armadores de pesca del puerto de Vigo

- Fundación CETMAR
- Guía empresarial de ESADE: Flash construcción naval
- Informe “La construcción naval en España”. Organización Gernaval.
- Instituto Galego de Estatística
- Jornadas internacionales sobre el sector naval celebradas en Ferrol y en Vigo
- La contribución de la actividad mejillonera al desarrollo local de Galicia. Escuela de Negocios CAIXANOVA
- Ministerio de Agricultura y Pesca - FROM
- Observatorio Español de Acuicultura - OESA
- Organización de Productores Ostrícolas de Galicia - OPOGA
- Revista “Economía Industrial”. Febrero2007
- Revista IPAC Acuicultura
- Xunta de Galicia: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos
- “A muller no munda da pesca en Galicia”: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

Bibliografía Web:

- www.absaburela.com
- www.apvigo.es
- www.arvi.org
- www.asime.es
- www.astillerosarmada.es
- www.astilleroscardama.com
- www.egaelic.net
- www.elpais.com
- www.fnmarin.es
- www.fondear.com

O Cooperativismo no mar: Evolución Histórica. Situación Actual e Potencialidades

- www.galiciadixital.com
- www.guiame.net
- www.innovamar.org
- www.lavozdegalicia.com
- www.lonxanet.com
- www.masmar.com
- www.mcies.es
- www.metalships.com
- www.navalia.com.es
- www.navantia.es
- www.nodosa.es
- www.portosdegalicia.com
- www.puertodevigo.com
- www.rodman.es
- www.xornalgalicia.com